



ACTA Nº 2022/11

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELO DE CEE, venres 30 de setembro de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
CONCELLEIROS/AS:
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA Mª TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURÓN CARBALLO
ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA
Mª VICTORIA AREAS POSE
AGUEDA DÍAZ MEJUTO
PILAR IGLESIAS LEMA
CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO
CÉSAR F. PÉREZ MARTÍNEZ
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
SECRETARIA
ROCÍO HERMIDA CANCELA
INTERVENTORA
ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

I. **Borrador da sesión ordinaria celebrada o 5 de setembro de 2022.**

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. **Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial da Transferencia de Crédito Nº 6/2022. Expediente Nº 2022/T002/000031.**



Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 26 de setembro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial da Transferencia de Crédito Nº 6/2022. Expediente Nº 2022/T002/000031.”

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº6 /2022

EXPEDIENTE: 2022/T002/000031

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o expediente tramitado o efecto e o Informe de Intervención en sentido favorable con salvedades, é necesario levar a cabo a transferencia de crédito referida para facer fronte os gastos de tratamento de residuos (SOGAMA).

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO ao PLENO da CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da Transferencia de Crédito Nº 6/2022, que se detalla:

PARTIDA	IMPORTE	PARTIDA	IMPORTE
DISMUNC	DISMINUC	AUMENTO	AUMENTO
920/130.00	49.350	163/227.00	52.746,66
920/143.00	3.396,66		
TOTAL	52.746,66€		52.746,66€

SEGUNDO.- Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta a resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”



-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: conforme xa se explicou na comisión correspondente é unha TC para gastos de tratamento de residuos

Sr Domínguez García: vamos abstermos para non impedir aprobación do pago pero seguimos insistindo que estamos pagando factura a Fisterra e Corcubión sobre todo no verán, Fisterra multiplícase por tres ou catro e Cee por desgracia non, estamos pagando, sogama comprou un terreo pero aínda no se fixo nada, para o próximo verán que se toma algunha medida aínda que o mellor xa estou eu e non vde, vamos abstermos.

Sra alcaldesa presentei un escrito a sogama polo tema do reparto a contestación de sogama é que é necesario un acordo entre os tres concellos, evidentemente non queren firmar ese acordo porque así nos repercute mas a nos e respecto obra de sogama está adxudicada a obra e polo que me comentaban que empezaran as obras para o ano

Sr Domínguez García: dun xeito ou outro arreglamos

Sra alcaldesa: gañe que gañe temos planta

Sra Iglesias: nos tamén nos vamos abster pero nos gustaría saber porque sempre comenta que as comisión informativas son para falar algo que vde non facía na oposición salvo na de obras e piscina, chegaba levantaba o dedo e marchaba, sabemos para que partida fan falta pero onde van sair, tanto neste punto como no seguinte ou se me pode contestar a interventora ou vde

Sra alcaldesa: vde estivo no goberno, as partidas suponse que ten que sabelo xa está explicado na proposta alcaldía pode decirlle que na lexislatura pasada non era moi explicativo os puntos a tratar neste caso nesta lexislatura por parte do goberno e concretamente alcaldía se explica xa demais.

Sra Iglesias: chega aquí e di xa viron o punto suelen ser explicativas, onde se saca para meter na partida nun punto e noutro

Sra alcaldesa: xa veu a partida, que o explique a Sra interventora que para vde ten máis credibilidade

Sra Iglesias: e vde que sempre fai uso dos funcionarios dende o seu mandato si mo explica vde é para min igual

Sra alcaldesa: Si poderamos subir un pouco o nivel

Sra Iglesias: o volumen

Sra Interventora: la TC 6 y 7 las partidas minoradas son de personal, funcionarios como personal laboral, partidas de plazas vacantes, bajas que hasta septiembre tienen crédito en situación de disponible en los dos casos se sacan de personal

Sra Iglesias: moitas gracias Sra interventora

Sr Domínguez Louro: Sra alcaldesa traia un orzamento a comisión correspondente e logo a pleno sea valente e despois evitaremos problemas como estes, estas palabras son igual cas suas que estaba sentada na oposición e facía oposición o anterior alcalde e e agora imos acabar o mandato e esta anclada no presuposto do ano 2020, nos tamén vamos abstermos para pagar as facturas tanto a de sogama como a de persoal, rogamos qe o goberno poña en marcha canto antes as campañas necesarias para aparte do que acaba decir o Sr Dominguez reducir canto máis o máximo posible a factura que hai que pagar de sogama cada vez que un veciño ou veciña tira unha botella de vidro nun contedor que non é o seu estamos sumandolle cartos a cantidade que hai que pagar a sogama e necesario tomarse en serio que esas campañas de concienciación e mellorar ata onde poidamos a reciclaxe e a parte do beneficio medio ambiental que está máis que claro pola nosa parte non vamos opoñernos a pagar estas dúas partidas e vamonos abster.

-----VOTACIONES-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 7 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.



3. Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial da Transferencia de Crédito Nº 7/2022. Expediente Nº: 2022/T002/000032.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 26 de setembro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da alcaldía relativa a aprobación inicial da Transferencia de Crédito Nº 7/2022. Expediente Nº: 2022/T002/000032.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº7/2022

EXPEDIENTE: 2022/T002/000032

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto o expediente tramitado o efecto e o Informe de Intervención en sentido favorable con salvedades, é necesario levar a cabo a transferencia de crédito referida para facer fronte ós gastos que ocasiona as ausencias (baixas, permisos...) do persoal do servizo de limpeza viaria no presente exercicio.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da Transferencia de Crédito Nº 7/2022, que se detalla:

PARTIDA	IMPORTE	PARTIDA	IMPORTE
DISMUNC	DISMINUC	AUMENTO	AUMENTO
920/130.00	47.065,35	163/227.00	50.462,01
920/143.00	3.396,66		
TOTAL	50.462,01€		50.462,01€

SEGUNDO.- Aprobado inicialmente o expediente polo Pleno da Corporación, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Entenderase definitivamente aprobado polo Pleno do Concello, de non existir reclamacións no prazo outorgado, logo da súa publicación definitiva. En caso de existir reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa Concello de Cee.



Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta a resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: reiterar o mesmo unha tranferencia de crédito para o pago das ausencias baixas e permisos do persoal do servizo de limpeza viaria no presente exercicio xa saben Vdes cando os dous traballadores do concello que prestan servizos no servizo de limpeza estan de baixa temos que pagar aparte do seu salario pagar a empresa substituta.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 7 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

DA COMISIÓN DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

- 4. Proposta da alcaldía relativa o Informe desfavorable ao cambio cambio de nome do centro educativo de C.E.I.P. Pluringüe Euxenio López por CEIP Plurilingüe Rúa da Escola ao amparo do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro). Expediente Nº: 2021/X999/000299.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego, o día luns 26 de setembro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2. Proposta da alcaldía relativa o Informe desfavorable ao cambio cambio de nome do centro educativo de C.E.I.P. Pluringüe Euxenio López por CEIP Plurilingüe Rúa da Escola ao amparo do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro). Expediente Nº: 2021/X999/000299.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Informe desfavorable ao cambio cambio de nome do centro educativo de C.E.I.P. Pluringüe Euxenio López por CEIP Plurilingüe Rúa da Escola ao amparo do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro).

Expediente Nº: 2021/X999/000299.



Exp. 2022/G010/000011

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o certificado en relación ó cambio de nome do centro educativo, remitido a este Concello en data 6 de xuño de 2022 con NRE 1385, pola Dirección do CEIP Plurilingüe Euxenio López, que en parte se transcribe:

"(...)D^a Leticia Domínguez Domínguez como secretaria do CEIP Plurilingüe Eugenio López de Cee (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que na reunión do Consello Escolar celebrado o 31 de maio do 2022, no único punto do día "cambio, se procede da denominación do centro" este órgano colexiado aprobou cambiar o nome específico actual do "CEIP Plurilingüe Eugenio López" polo nome específico "CEIP Plurilingüe Rúa da Escola".

Tendo en conta o Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria establece no seu artigo 8.1 que "As escolas de Educación Infantil dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terán, segundo corresponda, a denominación xenérica de Escola de Educación Infantil, Colexio de Educación Primaria o ou Colexio de Educación Infantil e primaria e a denominación específica que aprobe a dita Consellería por proposta do Consello Escolar do Centro e con informe favorable do Concello".

Trasladamos a proposta esperando unha resposta favorable".

Visto o informe emitido en data 14 de xuño de 2022, polo técnico de cultura, D. Victor Castiñeira Castro que literalmente se transcribe:

"Informe en relación ó escrito presentado polo CEIP Plurilingüe Eugenio López solicitando o cambio de nome do centro Víctor Manuel Castiñeira Castro, Técnico de Administración Xeral, escala Xestión, na concellería de Deportes, Cultura, Festexos e Turismo do concello de Cee, unha vez examinado o escrito presentado por Dna. María Jesús Souto Caamaño, directora do CEIP Plurilingüe Eugenio López de data 3 de xuño de 2022 e nº de rexistro municipal 1385 de 6 de xuño, emito o seguinte

INFORME:

Antecedentes O Consello Escolar do CEIP Plurilingüe Eugenio López acordou en data 31 de maio de 2022 substituír o nome actual do centro educativo polo nome CEIP Plurilingüe Rúa da Escola.

O Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro) establece no seu artigo 8.1 que

"As escolas de Educación Infantil dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria terán, segundo corresponda, a denominación xenérica de Escola de Educación Infantil, Colexio de Educación Primaria ou Colexio de Educación Infantil e Primaria e a denominación específica que aprobe a dita Consellaría por proposta do Consello Escolar do centro e co informe favorable do Concello".

Consideracións

1ª) Non sen especifican os motivos para o cambio, se ben supoñemos gardan relación co cumprimento da Lei de Memoria Histórica dacordo con peticións semellantes realizadas en anos anteriores. Neste sentido, este técnico remítese os seus informes de datas 2 e 18 de setembro de 2021.

2ª) Non se argumentan as razóns da elección do novo nome que se propón.

Darlle o nome dunha rúa a un centro educativo que xa está nesa mesma rúa non deixa de ser, cando menos, reiterativo.

3ª) Sen menoscabar a autonomía que lle corresponde ó Consello Escolar, e dado que o Concello de Cee ten que dar a súa conformidade, recoméndase que non se deixe pasar esta oportunidade para

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



darlle ó CEIP Plurilingüe Eugenio López un novo nome que dignifique ou ben á labor educativa que nel se leva realizando durante tantos anos ou ben á propia vila na que está asentado."

Considerando que conforme a acta do Consello Escolar que obra no expediente, emitida pola Secretaría do Colexio en data 31 de maio de 2022, se desprende claramente que a decisión adoptada é co voto de calidade da presidencia, non acadando, en consecuencia un acordo pola maioría das persoas integrantes en dito Consello. Transcríbese a referida votación que obra no punto do día:

"(...) Nome do centro, que tras realizar as votación queda da seguinte foma:

CEIP Plurilingüe Público de Cee: 1 voto.

CEIP Plurilingüe Fonte dos Nerios: 1 voto.

CEIP Plurilingüe Vila de Cee: 3 votos.

CEIP Plurilingüe Rúa da Escola: 3 votos.

Quedando empatados "Vila de Cee" e "Rúa da Escola" desempata o voto da presidenta quedando como nome a propoñer ao pleno do Concello:

"CEIP Plurilingüe Rúa da Escola"

(...)"

Por todo o exposto e en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**:

PRIMEIRO.- Informar desfavorablemente ao cambio de nome do centro educativo C.E.I.P. Plurilingüe Euxenio López por CEIP Plurilingüe Rúa da Escola, ao amparo do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 3741/1996, do 17 de outubro), motivado na parte expositiva da presente proposta.

SEGUNDO.- Dar traslado do informe desfavorable ao C.E.I.P. Plurilingüe Euxenio López, aos efectos oportunos e en consecuencia considerar efectuado o trámite obrigatorio do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

Asinado dixitalmente ao marxe
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 abstención do grupo político BNG e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa e di que xa se tratou na comisión correspondente, consta informe desfavorable algunha intervención?

Sr Domínguez García: nos vamos votar a favor do informe desfavorable.

-----VOTACIONES-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 2 abstencións do



grupo político BNG e 10 votos a favor dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

5. **Proposta da alcaldía relativa o Informe favorable ao cambio de nome do centro educativo de C.E.I.P. da Igrexa por CEIP de Brens, ao amparo do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996. do 17 de outubro). Expediente Nº: 2022/X999/000137.**

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día luns 26 de setembro de 2022 emitíuse o seguinte DITAME:

“3. Proposta da alcaldía relativa o Informe favorable ao cambio de nome do centro educativo de C.E.I.P. da Igrexa por CEIP de Brens, ao amparo do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996. do 17 de outubro). Expediente Nº: 2022/X999/000137.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Informe favorable ao cambio de nome do centro educativo de C.E.I.P. da Igrexa por CEIP de Brens, ao amparo do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996. do 17 de outubro).

Expediente Nº: 2022/X999/000137.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando e o escrito presentado por Dña. María R. Fernández Santiago, directora do CEIP A Igrexa-Brens de data 5 de xullo de 2022 e nº de rexistro municipal 1856, no que solicita:

“(…) Informe favorable do Concello de Cee para o cambio de denominación deste colexio CEIP da Igrexa propoñendo como novo nome oficial: CEIP de BRENS (…)”

Visto o informe emitido en data 8 de xullo de 2022, polo técnico de cultura, D. Víctor Castiñeira Castro que literalmente se transcribe:

“Informe en relación ó escrito presentado pola directora do CEIP A Igrexa-Brens solicitando o cambio de nome do centro

Víctor Manuel Castiñeira Castro, Técnico de Administración Xeral, escala Xestión, na concellería de Deportes, Cultura, Festexos e Turismo do concello de Cee, unha vez examinado o escrito presentado por Dña. María R. Fernández Santiago, directora do CEIP A Igrexa-Brens de data 5 de xullo de 2022 e nº de rexistro municipal 1856, emito o seguinte

INFORME:



Antecedentes

O Consello Escolar do devandito CEIP acordou en data 30 de xuño de 2022 substituír o nome actual do centro educativo polo nome **CEIP de Brens**.

O Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro) establece no seu artigo 8.1 que "As escolas de Educación Infantil dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria terán, segundo corresponda, a denominación xenérica de Escola de Educación Infantil, Colexio de Educación Primaria ou Colexio de Educación Infantil e Primaria e a denominación específica que aprobe a dita Consellaría por proposta do Consello Escolar do centro e co informe favorable do Concello".

Consideracións

1ª) A argumentación para o cambio de nome céntrase en que a nova denominación redundará nunha maior claridade e de cara a evitar posibles confusións administrativas, xa que existen outros centros con nome parecido.

2ª) O nome actual do colexio non ter que ver nada con aspectos relixiosos senón que fai refererencia ó lugar no que está asentado o centro, non xenerando confusión neste aspecto.

3ª) Na práctica, o colexio xa é coñecido actualmente co nome de Colexio de Brens, polo que o cambio de nome proposto é representativo e axeitado.

E para que así conste e aos efectos oportunos, asino o presente informe en Cee, na data da sinatura dixital."

Por todo o exposto e en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO DA CORPORACIÓN**:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente ao cambio de nome do centro educativo C.E.I.P. da Igrexa por CEIP de Brens, ao amparo do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (Decreto 374/1996. do 17 de outubro).

SEGUNDO.- Dar traslado do informe favorable, aos efectos oportunos e en consecuencia considerar efectuado o trámite obrigatorio do artigo 8.1 do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

Asinado dixitalmente ao marxe
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 abstencións dos grupos políticos PP e BNG e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa e di que consta a Proposta xa tratada na comisión correspondente e informe favorable do técnico de cultura.



Sr Dominguez García: vamos absternos porque non estou de acordo co cambio, o nome ven de que os terreos foron da igrexa no seu día por eso entendo que é por eso que lle chaman colexio Igrexa de Brens. Vamos absternos porque dixo Vde que lle facía falta o cambio.
Sra alcaldesa: ven dende a petición do propio colexio.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 3 abstencións do grupo político PP e 9 votos a favor de dos concelleiros/as asistentes á sesión.

6. **Propuesta alcaldía relativa a: aceptación/toma de conocimiento de la renuncia presentada al cargo de concejal de D. RAMÓN RAMIRO VIGO SAMBADE, declaración de vacante y solicitud de nombramiento de sustituta por la junta electoral de Dª SARA BEIRO BLANCO. EXPEDIENTE Nº: 2022/X010/000001.**

Considerando o seguinte:

“En la sesión realizada por la Comisión Informativa de Presidencia, Bienestar Social, Igualdad y Empleo, el día lunes 26 de setembro de 2022 se emitiu el siguiente DICTAMEN:

“4. Propuesta alcaldía relativa a: aceptación/toma de conocimiento de la renuncia presentada al cargo de concejal de D. RAMÓN RAMIRO VIGO SAMBADE, declaración de vacante y solicitud de nombramiento de sustituta por la junta electoral de Dª SARA BEIRO BLANCO. EXPEDIENTE Nº: 2022/X010/000001.

Considerando la siguiente:

PROPUESTA ALCALDÍA

ASUNTO: ACEPTACIÓN/TOMA DE CONOCIMIENTO DE LA RENUNCIA PRESENTADA AL CARGO DE CONCEJAL DE D. RAMÓN RAMIRO VIGO SAMBADE, DECLARACIÓN DE VACANTE Y SOLICITUD DE NOMBRAMIENTO DE SUSTITUTA POR LA JUNTA ELECTORAL DE Dª SARA BEIRO BLANCO.

EXPEDIENTE Nº: 2022/X010/000001.

Visto el escrito presentado por D. Ramón Ramiro Vigo Sambade, núm. Registro General de Entrada 2376, de fecha 31 de agosto de 2022, por el que renuncia al acta de concejal del Partido Independientes por Cee, obtenida en las Elecciones Municipales celebradas el 26 de mayo de 2019, en el municipio en el municipio de Cee.

De conformidad con el art. 9.4 del RD 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, art. 184.f) de la Ley Orgánica de Régimen Electoral General e Instrucción de la Junta Electoral Central de 10-VII-2003 de la Junta Electoral Central, sobre sustitución de cargos representativos locales.

En uso de las facultades atribuidas por la legislación vigente, se propone al Pleno de la Corporación, la adopción del siguiente **ACUERDO**:

UNO. Tomar conocimiento y aceptar la renuncia al cargo de Concejal del Ayuntamiento Cee de D.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Ramón R. Vigo Sambade.

DOS. Declarar la vacante de Concejal de este Ayuntamiento.

TRES. Solicitar a la Junta Electoral Central la expedición de la correspondiente credencial, D^a Sara Beiro Blanco, candidata siguiente en la lista electoral del Partido Independientes por Cee de las últimas elecciones municipales, salvo renuncia, en cuyo caso se seguirá la lista en línea descendente.

CUATRO. Remitir certificación del presente acuerdo a la Junta Electoral Central para que expida la credencial acreditativa de la condición de electa, a favor de la candidata que deba cubrir la vacante.

CINCO. Expedida la credencial de concejala electa a favor de D^a Sara Beiro Blanco, la Secretaría Municipal, se pondrá en contacto inmediato con la misma, al objeto de que cumpla los requisitos legales exigibles para su toma de posesión en el cargo, en el seno de la primera sesión plenaria que se convoque.

Firmado digitalmente al margen.

Alcaldesa del Ayuntamiento de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Se somete a votación la propuesta y resulta dictaminada favorablemente por unanimidad.

La secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA. “

-----INTERVENCIÓN-----

No se producen

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

7. **Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:** Da N° 820/2022 do 30 de agosto á N° 898/2022 do 23 de setembro.

Quedan enterados/as.

8. **Dar conta dos envíos o MHAP (Expediente N° 2022/X999/000136):**

MOROSIDADE 2T 2022

Quedan enterados/as

PMP 2T 2022

Quedan enterados/as

EXECUCIÓN TRIMESTRAL 2T 2022

Quedan enterados/as

9. **Mocións de urxencia.**

O Sr Domínguez Louro introduce por urxencia a **MOCIÓN SOBRE A COLOCACIÓN DUN QUITAMEDOS NA ESTRADA DP-2301** motivando a urxencia en que non se pode presentar doutra maneira neste concello as mocións e ten que ser así.

Ratificase por UNANIMIDADE A URXENCIA



Sr Domínguez Louro procede a lectura:

MOCIÓN SOBRE A COLOCACIÓN DUN QUITAMEDOS NA ESTRADA DP-2301

Exposición de motivos:

Na zona denominada As Pontellas da Lagoa, pouco antes de chegar a Lires, uns 100 metros de vía aproximadamente, precísase da colocación de elementos de protección, xa que unha posible saída de vía dun automóvil suporía a caída do mesmo por unha pendente moi pronunciada, coas posibles consecuencias que a iso traería.

O Bng de Cee solicitou o pasado día 12 de agosto a áreas de vías da Deputación da coruña a colocación dun quitamedos no punto quilométrico 3.200 na DP-2301 para evitar posibles desgrazas. Doce días despois, o ente provincial contestaba decindo que estudarían a petición. Por todo o dito con anterioridade, o Bng de Cee propón ao Pleno do Concello de Cee a adopción do seguinte **acordo**:

1.Solicitar da Deputación de A Coruña a colocación de medidas de seguridade no punto quilométrico 3.200 da DP-2301 que une Pereiriña e Lires.

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra Iglesias Lema: o noso voto vai ser a favor está ben a solicitude de medidas de seguridade porque no caso de que sexa quitamedos estaría ben que o quitamedos fose ata abaixo para evitar os problemas que teñen os motoristas e os ciclistas

Sr Villar Agulleiro: Nos vamos a votar a favor está ben que se faga a petición desde logo nos xa fixemos tanto aí como na entrada de parque de bombeiros como xa se falou noutro pleno. O que boto en falta tamén é que haxa un pouco de coherencia cando pedimos estas cousas porque a principios de ano ou a finais do ano pasado presentamos aquí unha transferencia de crédito para poñer uns quitamedos na zona de lires e ameixenda e votastes en contra e facer este tipo de discriminacións non parece moi coherente pero lonxe de votar en contra vamos a votar a favor desta proposta.

Sr Domínguez Louro: Cando se votou en contra daquilo non se votou en contra de non deixar os quitamedos onde pediu o bng e o pp e o Sr. Dominguez na Ameixenda, non foi en absoluto eso, simplemente eso foi dentro dun paquete que vostedes quixeron facer unhas obras que quixeron facer que viña englobando outra serie de obras e dende a oposición no so dende o Bng o que lle puxemos en cara foi que esa non era a maneira de facer as cousas pero en absoluto temos nada en contra de que se fagan ese tipo de actuacións incluso creo recordar que despois dixera a Sra. alcaldesa que tampouco podería asegurar moi ben se podía ser posible ou non a colocación dos quitamedos porque naquel momento era difícil as provisións de materiais e tal, bueno en calque caso xa digo se se conta hai que contalo todo, non foi un voto en contra de eses quitamedos, foi un voto en contra e a invitación para despois voto en contra do paquete en global e a invitación para reiniciar retomar ese proceso para que todos puidesemos aportar, de feito nos unha das aportacións que xa fixeramos antes pois era precisamente era precisamente esa, a colocación de sese quitamedos en lires e non nos iamos a opoñer por suposto que houbese outro na ameixenda ou en calque punto do vial municipal que fose necesarios, para nos a seguridade e primordial, pois iso si xa votamos antes así foi por iso pero en calque caso empeza un ano novo e convidamos a que se fagan realidade esas dúas actuacións



Exp. 2022/G010/000011

Sr Villar Agulleiro: Na acta esa reflexase que había un compromiso por parte do goberno da alcaldesa en este caso para levar a cabo esas obras quedou reflexado que faltaran materiais ou non, tamén faltan agora non é a cuestión que fora naquel momento que faltaran pero eu sigo pensando que o por moito que se adorne ou tal se votas en contra de unha cousa e porque votas en contra das obras ou do que sexa as obra son importantes todas e sin embargo despois facemos o voto en contra dos quitamedos e agora pedimos quitamedos para unha cerritera da diputación parece un pouco estrano pero bueno, entendo que e unha maneira de facer politica lexitima non teño nada que decir nada en contra da politica do bng

Sr Domínguez Louro: no nin eu teño nada que dicir en contra que vostede se opoña ou queira facer isto, esta no seu dereito por supostísimo que si o que pasa que eu digo que si se conta hai que contar todo para que a xente perciba a realidade non ?? dicir así simplemente que nos votamos en contra que nos votamos en contra de colocar os quitamedos, pois no é exacto é doutra maneira non, incluso si vostede tivo a oportunidade de mirar para onde foi esa partida que non se aprobou saberá para onde se destinou despois non ese partida destinouse para outros menesteres ou non??

Sra alcaldesa: Non

Sr Domínguez Louro: quedou aí

Sra alcaldesa: quedou aí vamos a contar todo Sr,

Sr Domínguez Louro: Entón cando queira vola a traer sin problema ningún e faga as cousas como hai que facelas como se lle reclamou moitisimas veces non ¿vir aquí falar e chegar a un acordo que a demais sempre se chegou a un acordo en materia de obras neste pleno neste concello

Sra alcaldesa: o tema é que eso foi era unha modificación presupostaria, unha transferencia igual cas de hoxe de 54000 euros onde na comisión e pleno se concretaron as obras que se iban facer entre elas os quitamedos xunto con outras que foron petición da oposición en varios plenos sucesivos, non se poden, o final de ano si non se gastan quedan como remanente non pasa nada pero podíamos acometelas e non vale traia agora non porque era do exercicio dese ano non podo traer agora os 54000 dun ano anterior, nada mais, simplemente eso

Sr Domínguez Louro: é certo ou non que Vde dixo que podería ser que quedaba un pouco no aire porque eu recordo eso, podía ser que tal e como estaba o momento e era verdade que non se podía asegurar recibir materiais pola pandemia e quedaba un pouco no aire e dese paquete o goberno faría o que poidese, que por outro lado 54000 euros non da para moito eso foi o que se reprochou e non so o BNG, non sei si foi con esa proposta ou non pero houbo outra que despois Vde trouxo e se usou precisamente para pagar unha factura de sogama cando quería dedicala a outros menesteres e votouse a favor

Sra alcaldesa: no no no, votaron novamente en contra dos 54000, vou a explicar porque estar na oposición sin haber estado no goberno en algunhas cousas, as transferencias de crédito o tramite é o mesmo ca aprobación dun presuposto, hai uns trámites e hai que facelo antes de final de ano

Sr Domínguez Louro: xa lle entendín antes

Sra alcaldesa: pois hai que facelo antes de final de ano e votaron en contra, unha vez, a segunda vez o trouxemos para votar e pagar unhas facturas de sogama e volveron Vdes a votar en contra, pero non votaron a favor, votaron en contra e votaron dúas veces en contra desa TC de 54.000 euros a primeira para obras porque daba tempo executalas no exercicio e logo como non daba tempo para unhas facturas de sogama e volveron a votar en contra

Sr Domínguez Louro: cando votamos en contra o explicamos perfectamente o que non o quer entender e porque non quer entendelo, polo proceder de Vde e o seu goberno de como traer as cousas a este pleno, non votamos en contra de colocar os quitamedos nin nun sitio nin noutra, é moi fácil solo hai que remendalo e facer as cousas ben

Sra alcaldesa: solamente hai que ler as actas da comisión correspondente onde viña e se recolle para que iban ser destinados os 54000 euros, están nas actas correspondentes, quixeron votar en contra e votaron en contra con todo o dereito que tedes pero non se pode tratar de ocultar unha realidade



Exp. 2022/G010/000011

Sr Domínguez Louro: unha decisión unilateral do goberno que nos di que o hai que facer así cando en todos os pos se fixo o mesmo proceder, veuse aquí, recolléronse as propostas de toda corporación e logo se sacou un acordo, e foi sempre tanto neste mandato como no anterior foi exemplar para cee e toda a comarca que está a vista nas hemerotecas que non en todos os sitios e así, si non o fixo así Vde hai que contalo, nada mais, votamos en contra si pero hai que contar o porque

Sra alcaldesa: está recollido perfectamente na acta da comisión e pleno correspondente para que ían ser destinados estes cartos e na comisión correspondente, continuo porque o BNG non ten a última palabra, podo continuar.

Sr Pérez: si si que esta ía ser a lexislatura do dialogo e transparencia

Sra alcaldesa: si diálogo e transparencia, totalmente a mesma que manifestan nas comisión que nunca aportan nada

Sr Pérez: acabou sendo un goberno unipersoal, comportándose como unha *sátrapa* ...intelixible....nin deixa falar os concelleiros seus, polo menos o de cultura que fai dous anos que non fala

Sr Buituron: eu non teño nada que decir amigo, non me molestes mais nin por Cee, que me tes machacado no Facebook,

Sr Pérez: estase explicando que non se votou en contra deses quitamedos, votouse en contra da forma

Sr Buiturón: acabas de intentar meterme en algo que non sei a que ven, porque me fas falar a min, non serás ti o exemplo de proceder, pareceche normal andando por aí acosando unha persoa públicamente que teño testigos como fai anos xa, parece normal, e a forma de proceder dun político? e persoa democrática coma ti? eu veño aquí a escoitar, aprender e falar cousas polo ben do pobo

Sr Pérez: eu non digo tonterías, eu podo preguntar a un concelleiro

Sr Buiturón: pregunta pero non decir unha tontería, eu non perdo o tempo coma ti amigo, esa é a diferenza entre a tua forma e a miña

Sr Pérez: xa podemos facerche preguntas?

Sra alcaldesa: usted realmente sabe y se leyó la LBRL a quien se puede preguntar y a quien no, no estamos en una taberna ni en una cafetería, el foro que ustedes manejan muy bien, esto es una corporación donde hay unos tiempos y un formalismo por lo menos que usted se lo salta

Sr Pérez: quen creou este ambiente que agora hai no pleno, non pasou en ningunha lexislatura ata que chegou Vde aquí.

Sra Trillo: lo que dijiste eso no lo consiento, de que no nos deja hablar

Sr Pérez: A ti si, facemos unha pregunta o concelleiro de cultura e contesta unha compañeira porque non contesta el?

Sr Buituron: Non era unha pregunta, era unha afirmación sin saber e evidentemente a unha afirmación non vou responder

Sr Pérez: Que afirmei?

Sr Buituron: Non sei

Sr Pérez: Podo preguntarche algo ou non?

Sra alcaldesa: Vamos someter a votación a moción e continuamos, estamos nunha sesión plenaria

Sr Pérez: Si estamos nunha sesión plenaria hai que atender as explicacións da oposición, non reiterar que se votou en contra, votouse en contra da forma de proceder deste goberno non dos quitamedos, que quede claro.

Sra alcaldesa: eu escoito o Sr Domínguez Louro e fai a resposta como considere convinte eu podo responder como considero convinte nada mais, xa sei que non lle vai gustar o que contesto, lle gusta mais o do Sr Domínguez Louro, forma parte xa está.

-----**VOTACIONES**-----

Sométese á votación a MOCIÓN e resulta aprobada por unanimidade dos presentes.



O Sr Domínguez Louro introduce por urxencia a **MOCIÓN EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA**, o motivo o mesmo ca anterior.

Resulta ratificada a URXENCIA POR UNANIMIDADE.

Exposición de motivos:

A Comisión Europea vén de impoñer un novo regulamento que se traduce no feche para a pesca nun total de 87 zonas do Atlántico nororiental, o que afecta a unha superficie superior a 16.000 quilómetros cadrados e que terá consecuencias negativas para os buques equipados con artes de fondo como redes de arrastre de fondo, dragas, palangre de fondo, entre outros. Unha medida que entrará en vigor en poucos días e que suporá a expulsión da frota galega de fondo, podendo reducir até nun 75% as súas capturas.

Este regulamento, imposto desde a Comisión Europea (CE) sen un contraste e interlocución efectiva co propio sector, é un novo golpe que se engade ás limitacións de TACs e cotas de pesca, ao impacto derivado do Brexit, ou á aplicación das medidas de conservación e dun regulamento técnico e de control, que viñeron a limitar e dificultar a faena da frota galega.

Estamos diante dun acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándoo nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, por parciais e desactualizados, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen unha avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser estorcedoras, e que non pode ser aceptado baixo ningún concepto tendo en conta que Galiza somos unha das primeiras potencias pesqueiras de Europa. As consecuencias desta decisión, que para alén do seu impacto brutal en termos produtivos e de emprego, suporán tamén agudizar a cada vez maior dependencia da importación de peixe e un previsíbel aumento dos prezos dificultando o acceso ao peixe aos segmentos sociais de menores ingresos.

A efectivización deste regulamento arbitrario e inxusto suporá un golpe en toda a regra á nosa frota, afectando a varios centos de barcos galegos e ameazando millares de postos de traballo. Punto por punto cumprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.

Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe.

Tamén o Parlamento galego debateu ata en tres ocasións, e aprobou dúas veces por unanimidade, iniciativas de rexeitamento e medidas a levar a cabo para tratar de evitar a



prohibición das artes de fondo por parte da UE.

A propia Xunta de Galiza, anunciou publicamente a realización de distintos informes que avaliarían o impacto da prohibición das artes de fondo no noso sector pesqueiro e na economía do país.

Nunha resposta do 25 de agosto ás preguntas do BNG no Parlamento Galego, a Xunta confirma a elaboración deses informes e a súa entrega en Bruxelas, así como o “establecemento de alianzas con aquelas rexións pesqueiras europeas que se verían afectadas polas restricións”.

E foi a mesma Conselleira de Mar quen asegurou, sempre aos medios de comunicación, que, de consumarse a prohibición das artes de fondo, defendería á frota galega pola vía xudicial.

Por parte do Goberno español, descoñécense as actuacións concretas desenvolvidas no marco da rolda de consultas realizada pola CE cos estados membros. Tampouco hai constancia de que o Goberno español tivese formulado unha alternativa perante a proposta de regulamento, finalmente aprobado, que conciliase a protección dos ecosistemas mariños e as biomásas de peixes coa protección dunha actividade pesqueira que é estratéxica para territorios de alta dependencia da pesca como Galiza.

En definitiva, o impacto do novo regulamento imposto pola Comisión Europea supón unha ameaza de primeiro nivel que pode facer desaparecer este sector estratéxico tal e como o coñecemos, como advertiron xa publicamente tanto dende o propio sector como dende organizacións sindicais como a CIG.

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar a Xunta de Galiza a:

- a. **Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.**
- b. **Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.**
- c. **Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.**



2. Instar ao Goberno español a:

- a. **Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.**
- b. **Esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento.**

-----INTERVENCIÓNS-----

Sr Domínguez García: simplemente vamos vota a favor.

Sr Agulleiro: hai dúas cousiñas o outro día a intervención do ministro Planas foi acertada totalmente, fais un comentario que non sabes si estan basados en informes científicos a verdade é que non porque a comisión, a medida da comisión é maior do que indica o informe do consello internacional para explotación do mar, por iso o ministro Planas fai rerefencia a que o estudo non foi suficientemente profundo e sen determinar as consecuencias económicas que comentabas tamén ti na moción, entón o problema tamén ven a hora de negociar neste aspecto co Reino Unido e Noruega para as cuotas e tratando de conseguir unhas posibilidades de pesca mais grandes e suficientes que garantan a nosa flota, creo que as mocións van un pouco no mesmo sentido pero creo que a intervención do ministro Planas foi clara e por suposto vamos votar a favor porque sin ir mais lonxe nesa intervención o outro día en Bruselas di que non descartaba presentar recurso ante o TXUE xa que existe base para presentar, esperemos que asi sexa e revertir esta mediada da UE

-----VOTACIÓN-----

Sométese a votación a MOCIÓN e resulta aprobada por unanimidade dos asistentes á sesión.

10. Rogos e preguntas.

Intervén o Sr Domínguez García: o outro dia no programa de cita co concello dixeron que podíamos facer preguntas eu nunca fago pq me gusta facelas aqui e enterarme aqui das cousas pex respecto o mercado municipal que era unha das preguntas, xa o comentou ali, da forma que o comentou da impresión que vamos facer unha maravilla e estamos pendentes dunha subvención de recuperación, transformación e resiliencia, que son as axudas da UE que España é o que mais retrasado vai, cando chegue a sub vai tardar moitísimo e outra a consellería de industria e comercio tamén se pediu, tan pronto vin eso, fixen xestións para que, me dixeron que habia pouco tempo que se había solicitado, quero decir que no mercado municipal hai cousas que tiñan que estar feitas porque cando cheguen as subvencións igual xa non fan falta, porque cada día o mercado vai a menos marcha mais xente, houbo postos que se quixeron montar e non se pudo porque había que cambair a ordenanza do mercado como floristería e non sei que mais cousas, o do bar restaurante para degustación e consumira produtos do mercado polo menos o que vendía era do mercado e axudaba a dar vida o mercado e podíase facer, o adxudicatario da concesión faríase cargo da obra, se podían facer unha serie de cousas para que non morrera o mercado,



que é unha cousa importantísima para o pobo de cee e está morrendo e falaba da gardería que a xunta que fai gratuita cargando o Concelo, é mentira porque segun quedamos aquí o ayuntamiento non lle vai costar ningún duro mais entón coño porque mentimos, usted dixo que a gardería ia ser gratuita pagando o concello o concello non vai pagar un euro mais do que pagaba por esa razón votamos a favor, porque contamos coas subvencións e garantizaron que viñan as subvencións todas, quedamos en que ia o concello pagar o mesmo e por ultimo outra pregunta que varios funcionarios traballadores do concello se nos queixaron que este mes non se aprobaron as axudas sociais que parece ser que era o mes que mais fata facia para colexio etc etc

Sra alcaldesa: respecto o tema do mercado, fixemos aquel estudo diagnose, é necesario para poder optar as diferentes subvencións incluso o de comercio da xunta si non tivesemos non poderíamos optar e a dos fondos europeos teñen que resolver xa porque as obras tiñan que estar feita para decembro do 2023 non é para anos, a de comercio tamén van resolver rápido, gracias a ese estudo podemos optar as dúas subvencións senon non poderíamos optar, é mais a subvención do mercado tanto do comercio como fondo europeo se prevé unha segunda convocatoria incluso a de comercio saíu unha e se prevé que en decembro saía outra que tamén se poderá optar, dentro dese estudo e diagnose, viña tamen a modificación da ordenanza pero era necesario executar unha serie de obras para poñer os locais en función das necesidades que sexan requeridas, respecto o tema da gardería o que se falou é que itñamos un deficit de 14000 euros agora, que ese deficit, o cambiar as ordenanzas ía aumentar en 40000 euros, entonces si optamos a subvención e a outra do mantemento da gardería recuperaríamos sobre 21000 euros pero o concello sigue pagando os 140000 euros

Sr Domínguez García: eso xa o paga sin subvención.

Sra alcaldesa: pero temos que seguir pagando, así que gratuíta, gratuíta, gratuíta, a xunta non Sr Domínguez García: paga todos os cartos, non vai costar mais

Sra alcaldesa: pero temos que seguir pagando

Sr Domínguez García: non nos vai costar mais, vai ser grauita, de ser a mais cara da zona a ser gratuíta e respecto o mercado parece-me moi ben o que me di para conseguir a subvención pero tiñamos que estar facendo moitas cousas senon cando cheguen as subvencións vai estar cerrado e non haberá remedio o mesmo co centro comercial que non se toma medida de ningún tipo vai levar catro anos e non se fixo absolutamente nada, está o mercado municipal e o centro comercial que son dúas bases para o progreso de cee e están caendo en picado.

Sra alcaldesa: cando gañe as proximas eleccións

Sr Domínguez García: non que por desgracia para Cee non me vou presentar pero xa lle digo.

Sra alcaldesa: respecto o centro comercial despois de, tuven que facer a convocatoria da reunión o final a reunión vaise celebrar si non a volve suspender o próximo venres día 6, xoves día 6.

Sr Domínguez García: o ayuntamiento ten maioría e pode convocar

Sra alcaldesa: xa a convoquei

Sr Domínguez García: si asisten asisten e senon non asisten.

Sra alcaldesa: comprometin-me a traer a unha comisión para explicar todo, vou esperar a reunión do xoves e posteriormente convocareei a comisión e darei conta de todo e de todos os trámites dende a alcaldía porque está todo por escrito, os requirimentos, convocatorias, a situación económica actual, todo, hai un expediente aberto.

Sr Domínguez García: o unico que vexo e que o centro comercial

Sra alcaldesa: é necesario

Sr Domínguez García: igual co mercado, no mercado se poden facer cousas sin a subvención e no centro comercial tres cuartos do mesmo.



Sra alcaldesa: hai que ter a reunión e ter as contas.

Sr Domínguez García: levamos 3 anos e medio.

Sra alcaldesa: imaxínese a desesperación dende o goberno, a administración.

Sr Domínguez García: respecto a axudas sociais

Sra alcaldesa: os gastos sociais había unha serie de gastos que se aportaron onde había un reparo por parte de intervención, onde tuven que solicitar un informe para saber si procedían ou non.

Sr Domínguez García: hai un reparo de intervención?

Sra alcaldesa: si un reparo de intervención

Sr Domínguez García: había ou hai?

Sra alcaldesa: non houbo porque non se pagaron os gastos sociais agora veu o informe.

Sr Domínguez García: si se pagaran había un reparo porque sempre se explica porque se repara Sra interventora ou repara porque lle da a gana?

Sra Interventora: el reparo de los gastos sociales viene dado porque en este concello cuando se hizo el convenio de personal laboral y personal funcionario se estableció que los gastos sociales se incrementaran en la misma medida que el IPC teniendo en algun caso caracter de retribución, que las retribuciones suben cada año segun establece la ley presupuestos, este año 2% el IPC es mayor, esa subida da lugar a que sea por un importe superior al permitido por la Ley lleva así desde que se hizo el convenio, 30 años reparando gastos sociales.

Sr Domínguez García: pois este ano tela marinera ca subida, aí sumome o Sr do Bloque, Sr Domínguez, dos presupuestos.

Sra alcaldesa: estamos preparando os presupuestos,

Sr Domínguez García: a iniciativa

Sra alcaldesa: bueno Sr Domínguez, a iniciativa

Sr Domínguez García: senon non os traía

Sra alcaldesa: a iniciativa bueno, quererse apuntar un tanto

Sr Domínguez García: senon non traía os presupostos o pleno

Sra alcaldesa: a iniciativa do PP non

Sr Domínguez García: tres anos sen preuspuesto

Sra alcaldesa: está a Sra interventora preparando os presupuestos

Sr Domínguez García: de 3 anos

Sra alcaldesa: do ano que ven

Sra Iglesias: vamos a contar mentiras trailará porque o dos presupostos saíulle redondo tamén.

Sra alcaldesa: pode contestarlle

Sra Iglesias: non a poña nun membrete

Sra alcaldesa: pode contestar si efectivamente indiquei que se prepararan as contas para traer os presupostos

Sra Interventora: es cierto, siempre empezamos en el mes de septiembre

Sra Iglesias: eu xa ía pretuntar polo centro comercial porque era reunión o 11 de setembro como é o mandato dos estudos, está en estudo o centro comercial, estudo o fondo da ría, estudo a praza de abastos que igual algún día vemos feitas, ten que estudar para opositar a alcaldía, a ver si ten sorte, que non entendíu da miña pregunta na radio da RPT? díxéronme as miñas fontes que Vde dixera que non entendía que lle preguntaba, preguntaille en que momento estaba porque a última vez que falamos dixo que tiña unha reunión en setembro, e si Vde ía estar mellor cos traballadores ou seguir nesa postura de enviar oficios da alcaldía, informes demoledores, e dixo que non entendía non sei si o entende agora?

Sra alcaldesa: creo que lle contestei, pola radio.



Exp. 2022/G010/000011

Sra Iglesias: Vde contestou que dende fai 20 anos neste concello non se fixo nada polos traballadores, vamos a contar mentiras a primeira e unica RPT que se fixo neste concello foi no primeiro mandato de Ramon Vigo co grupo IXCee e creo que os traballadores laborais e funcionarios melloraron ostensiblemente, hai que dicir que si, os que menos a policía local porque nese momento así se decidiu pero non pode dicir que ven Vde aquí a salvar os traballadores que fai 20 anos que non se mira por eles, esa é outra mentira mais da que contou ali.

Sra alcaldesa: ten que escoitar Vde directamente a resposta.

Sra Iglesias: non dixo eso

Sra alcaldesa: non dixen eso, o que dixen é con respecto o tema que me preguntou sobre a RPT que contestar de novo, pero bueno non teño problema, tivemos unha reunión en setembro cos representantes sindicais que pediron unha serie de cálculos polo tema do seu salario que se están realizando e cando esten feitos se dará traslado e nos volveremos a reunir e estamos negociando a RPT.

Sra Iglesias: que nunca se mirou poos traballadores

Sra alcaldesa: dixen que dende a última RPT evidentemente hai unha RPT.

Sra Iglesias: eso non o dixo

Sra alcaldesa: hai unha RPT o que se está dalgunha maneira ou tratandose é de mellorar as condicións laborais que tiñan na anterior RPT non é facer unha RPT de novo, eso non é obxecto de, é un dato obxectivo, trátase de mellorar as condicións laborais tanto personal laboral como persoal funcionario dentro das condicións económicas que se poden facer.

Sra Iglesias: cando sepa algo a ver si no lo pode contar, logo tamén parece ser que nesa conversa tamén contou outra mentira polo menos que IXCee saibamos dixo que o portavoz do BNG que foi o promotor da moción censura que se pretendeu facer neste concello, ou estivo en alma, porque en corpo que estivera IXCee no, pregunte o compañeiro de cidadanos do bloque si estivo con eles, con IXCee non estivo e si nos vemos é nos bares que non temos nada en contra dos bares, pero promotor dalgunha moción en absoluto, eso xa llo digo con IXCee, os demais que se manifesten como consideren, nada mais respecto a eso. Logo pregunteille, presentei un escrito o 27 de setembro para saber si ten aquí a información respecto as contas do libro dixital das festas da xunqueira dos donativos.

Sra alcaldesa: en total de donativos houbo 23175,01 céntimos, de particulares 975 euros, de empresas, negocios, entidades 22200,01 euros

Sra Iglesias: Eso fala do libro ou donativos?

Sra alcaldesa: Donativos.

Sra Iglesias: Refírese a todo o conxunto

Sra alcaldesa: Claro eran donativos

Sra Iglesias: Os que facían a publicidade daban como donativo a cantidade que consideraban

Sra alcaldesa: Quen quería colaborar daban un donativo que podía ser dende 1 céntimo ata cantidade que consideraban, para saír no video tiña que ser de 60 ou mais euros e algún que nos deron esa cantidade e que non quixeron saír no video houbo de todo

Sra Iglesias: Entendía por donativo xente que daba donativo

Sra alcaldesa: Eran todos donativos

Sra Iglesias: Pode repetir o de particulares non a outra?

Sra alcaldesa: 22200,01

Sra Iglesias: pola nosa parte nada mais. Gracias

Sr Domínguez Louro: varias cousiñas, non sei si individualmente vai contestar porque son varias e o mellor non lle é fácil decida Vde. Por un lado o parque infantil que está detrás do museo Fernando Blanco que ten varias tablas e varios elementos dalgun xogo deteriorados, habería que



botarlle un vistazo e tratar de arrelalo u cámbialo porque pode haber nenos ou nenas que se manquen neles entón habería que botar un vistazo, por outro lado, no paque infantil, na volta das árbores levantanse as planchas de caucho que hai non chan é normal porque medrarán as raíces e penso que habería que buscar o xeito de que non seguisse pasando, levantar eso un pouco con elementos acolchados para que aquilo digamos quede todo mais ou menos ben, digo porque as planchas levantanse e os nenos tropezan, caen e demais o noso convite é que se fagan ambas cousas, por outro lado, non sei si fixo algo coas colonias de gatos, a veciñanza sobre todo da zona vella que cada vez son mais, os gatos que deambulan polas rúas habería que asumir a esterilización das gatas para telos controlados e que non vain a mais porque senón eso é un problema continuo. Nos vestuarios do campo de fútbol tanto que usa Ameixenda como Pereriña Unión Club Cee habería que botarlle un vistazo as necesidades que teñen, me refiro de mantemento de adecuación, coméntanme que hai percheiros que caeron, en ambos os vestuarios, e nos de ameixenda e pereriña as portas están apolilladas algunha xa media caída, os centros, entón entendo que habería que cambialas tres portas una que vai caer en calquer momento e non é bo que a polilla estea por alí. Outra, na rúa que vai dende a glorieta de Manuela Rial ata o Campo do Sacramento recentemente renovada as liñas seguen de amarelo, eu entendía que se pintarían mentres a obra pero non sei porque seguen así, si se van deixar non é a mellor maneira, sería en branco e si e por aparcas pintar os bordes pero creo que polo menos estéticamente non queda ben, tomeo coma un comentario a ter en conta e tomen Vdes as decisións. Despois, en canto a auga é, onde pillan a auga que se está subministrando os depósitos das aldeas?, onde hai necesidade de subministrar.

Sra alcaldesa: do polígono industrial.

Sr Domínguez Louro: Pois mire onde u vivo na última semana dende que levaron o último camiión, caeron varias persoas con diarrea, a auga sabe fatal, eu probeina moi pouco, un sabor metálico enorme aparte de non ter cloro, non é unha crítica, hai que comprobar que a auga sexa potable antes de levala e si non é potable por calquera cousa avisar a veciñanza para que non consuma, nos na casa levamos varias semanas non consumindo, consumimos de supermercado pero hai xente que a toma porque temos a costume e nos encontramos con problemas de diarrea, dolores estomacais, co cal rogo que haxa precaución con eso para que non pasen estas cousas dar o servizo coa mellor calidade posible e sinon avisar a veciñanza. Tiñamos tamén a pregunta que fixo o compañeiro do pp sobre as axudas os traballadores pero xa a comentou, e logo hai outra que vai sobre o reductor de velocidade, badén que esta colocado recentemente fai unas semanas en Toba xusto o pasar dirección Lires xusto o pasar o bar de Toba naquela curva, colocouse dunha maneira non adecuada, porque está no centro da curva co cal, pode ser e é que chegas con demasiada velocidade e pode provocar accidentes, eu considero, consideramos que o normal sería colocar un antes e outro despois ben sexa a unha dirección ou outra e tamén unas sinais de control de velocidade o xeito, porque é un sitio delicado porque hai locais de hostelería, locais, bares os que eu tamén vou e bueno intendo que non me atropelen pero hai xente maior rapaces e pode pasar unha desgraza, cando se fixo a renvoación da estrada que pasa por ferroatlántica naquela curva tan desgraciada polos accidentes e demais, se fixo o que acabo de dicir, se colocou as sinais correpondentes, badéns e reductores de velocidade en ambos sentidos para o chegar a curva se vais a unha velocidade que non teña problema. Alí mesmo si se deixa eso como está sería bo colocar un pequeno quitamedos a dereita dirección Cee por que con ese badén pode haber un accidente e un despiste e poder baixar abaixo co coche co que sería un auténtico desastre. Dicir que na cita co concello que xa faláron os dous compañeiros, fíxoselle preguntas que consiereamos convinte dendo BNG e Vde no seu dereito contestou o que quixo, eso está no seu dereito tamén non contestar o que se lle pregunta non me meto neso, o que non me parece



tan normal, non ia facer este comentario, porque non lle dei importancia, non escoitei a propia entrevista pero si o lin na voz da Galicia, xa me comentaron o día anterior o comentario das cafeterías e bares e agora volve a facelo nun debate político sin mais historia que pode ser normal en calquer outro pleno e volve a sacar outra vez esa coletilla de facer política nos bares, eu xa lle dixen moitas veces que cando nos recrimina como facemos política si traemos moción ou non si falamos ou non como é que vaíamos os bares ou non é un problema noso eu rogaríalle e o fago tan tranquilo con toda serenidade, e agora que entramos na recta final e pode ser que por razón obvias todos nos alteremos un pouco porque as eleccións están cerca, si nos alteramos por favor que sexa dunha maneira civilizada porque si nos vamos alterar mal, nos vamos alterar mal todos, eu teño moita paciencia e quixera e vou intentalo non ter que facer ningunha mención persoal a ninguén deste pleno nos debates políticos, nin aquí nin nos medios de comunicación nin fora, gustaríame seguir así levo aquí vai facer pronto 9 anos e xamais fixen unha, me referín a ninguén fixen simplemente política a veces mais aireada a veces menos aireada a veces incluso levantando a voz pero xamais fixen mención a ninguén incluso con aquel compañeiro seu que tivo que despois o meteu fora do partido socialista, tuvemos debates moi arduos e fastidiados pero en ningún momento lle fixen referencia o persoal, me gustaría non ter que facer e espero non ter que facela e pidolle e sería ideal que reitirase o que idxo antes ou que non o volva a repetir porque entramos nun terreo pantanoso onde é mellor non entrar para todos porque cando asisto e vexo leo o que pasou noutros plenos pois sinto orgullo e satisfacción de estar neste e que aquí todo sexa democrático dentro da cordialidade que poidamos ter e das diferencias e esas cordialidades significan tamén sair tomar unha cervexa xuntos eu vouno facer agora e si alguen quer acompañarnos esta invitado si me chegan os cartos senon terá que pagar pero por favor por meterlle un pouco de humor a esto porque é demasiado serio, gustaríame que seguira así o debate, rogo que non o faga mais.

Sra alcaldesa: Para contestar, casi todos foron rogos, respecto a traída de augas é a que ven a Cee, a mesma, onde collen auga e incluso collendo doutros municipios que non teñen auga e non hai problema ningúncoa auga, se levaron a outros sitios e ninguem me manifestou problema algún, se analizará non hai problema por analizar

Sr Domínguez Louro: Si me permite o polígono é rede final e como non hai movemento, o que nos gustaría dende un punto de vista económico e de auga, o que pasa que a auga perde as súas cualidades e non llo digo por botarllo en cara, hai que tomar esas precaucións, pode ser que noutros lados non pasase, eu digolle que a probei para ver si había algún problema e tiña un sabor metálico polo que fose, igual non foi a auga foi o camiión da igual, si houbo eses problemas gastrointestinales e incluso as miñas nenas os tiveron, por eso llo digo que tome esas precaucións.

Sra alcaldesa: Unha cousiña soamente, eu simplemente lle estou facendo unha resposta a unha pregunta e me di que non me está botando nada en cara, eu xa o sei, soamente estou respostando o que me pregunta.

Sr Domínguez Louro: Como di que non houbo problema

Sra alcaldesa: No no no soamente lle digo que non teño constancia de ningún tipo de problema e se está collendo a auga e subministrando para Cee.

Sr Domínguez Louro: Extreme as precaucións nada mais

Sra alcaldesa: Se mirará, respecto a última parte que foi mais un discurso que un rogo decirlle que solamente basta leer as redes sociais concretamente as do BNG a cantidade de descalificacións, insultos e demais que fan a miña persoa incluso algún compañeiro simplemente o deixo aí

Sr Domínguez Louro: Eso non ten nada que ver co que acabo de decir e non hai nin a primeira descalificación nas redes sociais do BNG cara a ninguén.



Sra alcaldesa: Repase as redes sociais

Sr Domínguez Louro: O que ten que facer é cumprir as ameazas que xa fixo varias veces de levarnos o xulgado, levenos o xulgado si estamos faltando o respecto ou insultando alguén porque non é certo.

Sr Domínguez García: non me quedou claro o dos bares, si pode irse.

Sra alcaldesa: Cada un pode ir os bares que quiere, dixeron que eu non negocio nos bares é moi diferente, a min tamén me gusta ir os bares tomar algo, non negocio nos bares.

Sr Pérez: quen negocia nos bares? Podo facer unha pregunta?, respecto o que dis da auga áproveitar para analizar esa e responder a petición deste grupo de facer unha analítica o ano das fontes onde collemos auga os veciños de Cee, non era moito facer, foi unha petición pero foi atendida como o resto de peticións, pasando dela, non é tanto pedir, facer unha analítica o ano. Por outro lado teño unha pregunta para o Sr Juan Hermida

Sra alcaldesa: No procede esto, ruegos e preguntas son para a alcaldía non para os concelleiros, usted fuera se lo puede hacer como y cuando quiera

Sr Pérez: Nos bares?

Sra alcaldesa: Cuando quiera pero en el pleno no.

Sr Pérez: Esa rixidez tampouco existía ata agora

Sra alcaldesa: Mire le voy a decir una cosa, cuando en la legislatura pasada la única que estuve yo y en esta, el Sr Vigo moderaba y el Sr Vigo no permitía las conversaciones incluso entre los compañeros concelleiros, era muy claro en eso si que tenía totalmente la razón, quien moderaba era el alcalde.

Sr Pérez: Eu podo facerlla a Vde?

Sra alcaldesa: Si a que considere

Sr Pérez: No caso do problema do Sr Hermida sábese algo por parte da guardia civil?

Sra alcaldesa: Non teño coñecemento de nada,

Sr Pérez: Vale vale e sabe si o Sr Hermida ten pensado en algún momento disculparse con esta corporación por deixar caer a dúbida da sospeita sobre todos nos?

Sra alcaldesa: Eso terá que preguntarllo a el onde o considere convinte.

Sr Pérez: Pero non llo podo preguntar aquí? e que quería que contestara en publico.

Sra alcaldesa: O que podo decir é que me resultou sorprendente que a moción do Sr Hermida fora votado en contra e non se apoiara.

Sr Pérez: Eso xa se falou

Sr Domínguez García: aquela moción estaba culpando directamente a oposición ou parte da oposición.

Sra alcaldesa: De eso nada, simplemente pedía apoio pola súa situación que podía pasar a calquera, condenaba a violencia.

Sra Iglesias: falamos temos políticos ..intelixible

Sra alcaldesa: Sorprende que volvamos a ese punto outra vez

Sr Pérez: tiña problemas de redacción, volver a ese punto, non é volver, despois de tantos meses non se pode preguntar que está pasando con ese caso? Non me diga que e volver a ese punto non descalifique a miña postura

Sra alcaldesa: Usted me preguntou e lle digo que non sei nada, está no xulgado, xa está, non me pregunte sobre algo que llo terá que preguntar noutro foro, non é o foro para debatir eso.

Sr Pérez: Pois vamos o bar a falar do tema.

Ás 21:05 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Exp. 2022/G010/000011

A secretaria, Rocío Hermida Cancela
A Presidencia, Margarita Lamela Louzán.